



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU
ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 882 Semana do 29 de novembro ó 5 de decembro de 2021

CONSOLIDAR A RECUPERACIÓN DEBE PASAR POR SALARIOS DIGNOS E ESTABILIDADE LABORAL, PARA O QUE URXE DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS E RENOVAR O AENC

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social reflicten a continuación da tendencia favorable de crecemento no emprego iniciada no pasado mes de maio. Con todo, aínda que a creación de emprego e o descenso do paro sexan boas noticias, débense implementar cambios urxentes no mercado laboral para evitar os problemas que tanto prexudican ao conxunto da economía.

Aproveitando a dinámica positiva actual do mercado de traballo, UGT considera que é necesario derrogar de facto as reformas laborais e introducir cambios de calado que teñan un efecto claro sobre a calidade do emprego que se crea. A estabilidade laboral e uns salarios dignos - nun momento no que a inflación está en máximos desde hai décadas- deben ser as bases do emprego do presente e, sobre todo, do futuro.

O sindicato advirte de que non poden volver acometerse desvalorizacións salariais nin políticas de austeridade como as que se aplicaron tras a pasada crise financeira e, neste sentido, reivindica que un SMI de 1.000 euros mensuais para 2022, como paso previo ata alcanzar o 60% do salario medio en 2023 (uns 1.060 euros), é unha condición imprescindible. Na mesma liña UGT defende que os aumentos salariais en convenio sitúense por encima da inflación en 2022, e que os salarios mínimos de convenio alcancen os 1.100 euros. Actualmente, a variación salarial pactada atópase nun 1,55% (ata outubro deste ano), algo moi preocupante cunha inflación que terminará o ano na contorna do 3%. Para que os salarios de convenio se poidan aumentar, a patronal debe sentar a negociar e renovar o Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva por quinta vez para que así se produza a negociación colectiva con maior fluidez.

Reforzar os Servizos Públicos de Emprego

Doutra banda, os bos datos de emprego e paro non poden amparar ningunha complacencia. O funcionamento do mer-

cado laboral necesita de novos instrumentos e políticas, se queremos reducir de maneira estable a taxa de desemprego ata niveis homologables á media europea. Para iso, é preciso reforzar as capacidades dos Servizos Públicos de Emprego, dotalos con recursos económicos e humanos suficientes, e que se centren nas Políticas Activas de Emprego, na orientación personalizada e a formación especializada para as persoas desempregadas e ocupadas.

En definitiva, UGT valora os positivos datos de emprego e paro, pero subliña que é imprescindible que estes vaian acompañados de medidas decididas para mellorar a calidade do emprego. Así mesmo, protexer a capacidade adquisitiva das familias é unha condición necesaria para que a recuperación se consolide, o que implica subidas salariais adecuadas en todos os ámbitos.

Entrando de chego nos datos de Galicia, dáse unha caída do 0,84%, 1.298 persoas menos no desemprego, quedando o dato global en 152.747 persoas en situación de paro. No Estado a caída é máis acusada, do 2,28%, 74.381 persoas.

Interanualmente, a caída foi en Galicia do 18,52% e no Estado do 17,36%. Non obstante, hai que precisar á hora de analizar as variacións interanuais que o contexto base, hai un ano, era totalmente diferente pola situación da pandemia.

Entre os menores de 25 anos, o desemprego cae nun 0,75% no mes e nun 37,28% no ano.

Por sexos, as mulleres seguen a representar o 58,4% do total do desemprego en Galicia, 89.280 mulleres, fronte a 63.467 homes. Non obstante, no mes si é certo que o paro caeu máis entre as mulleres, nun 1,23%, fronte ó 0,3% no caso dos homes.

En canto ós sectores de actividade, no mes o paro aumentou no primario nun



1,18% e nos restantes rexistrouse unha caída, do 1,77% na industria, do 0,91% nos servizos, do 0,43% no colectivo de sen emprego anterior e do 0,17% na construción.

En relación ó mesmo mes do ano 2020, o desemprego cae en todos os sectores, dun xeito acusado. 23.196 persoas desempregadas menos no sector servizos (17,77%); 2.981 na construción (21,71%); a baixada foi do 14,58% na industria; do 25,04% no colectivo de sen emprego anterior; e do 21,92% no sector primario.

Por provincias, Lugo rexistrou un incremento dun 0,46% e nas restantes déronse caídas. Do 1,43% en Ourense, 1,01% na Coruña e do 0,82% en Pontevedra. Interanualmente, todas rexistraron unha forte contracción.

Realizáronse 88.297 contratos, supoñendo a contratación indefinida o 13,45% da total. Hai no mes un aumento considerable dos indefinidos, 50% máis, grazas á campaña que dende o Ministerio se impulsou a través da Inspección para obrigar á regularización da contratación. Non obstante, a contratación temporal segue a ser moi elevada, de feito, o grosor dos movementos dáse nesta modalidade.

As cifras de cobertura por desemprego non superan o 60,5%, con 85.703 persoas beneficiarias en Galicia. Deste total, o 44,8% perciben prestacións contributivas, o resto de carácter asistencial, co que isto supón en relación a baixas contías. A afiliación á Seguridade Social incrementouse no mes nun 0,28%.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

MÁIS DE 400 DELEGADOS E DELEGADAS MOBILIZÁRONSE EN SANTIAGO POLA DEFENSA DOS DEREITOS DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO DA XUNTA

Redacción.- O pasado venres, día 26, tivo lugar en Santiago unha manifestación de delegados e delegadas de UGT e CCOO para esixir o complemento de carreira, o concurso aberto e permanente e a promoción interna e estabilidade real e efectiva. A manifestación, que saíu da explanada da estación vella de autobuses de Santiago (San Caetano), percorreu a praza de Camilo Díaz Valiño, a rúa Anxo Casal, rúa San Caetano, praza de España, avd. de Rodríguez de Viguri e volveu ó punto de inicio.

UGT e CCOO reuniron a máis de 400 delegadas e delegados da Administración autonómica nun acto reivindicativo que forma parte dun calendario de mobilizacións que se abre e que se desde a Consellería de Facenda e Administración Pública se seguen a incumprir aspectos fundamentais do Acordo de concertación, asinado por ambas Organizacións Sindi-

cais, continuará.

As esixencias pasan por recuperar a carreira profesional, axilizar os concursos de traslados, facilitar a promoción interna e reducir a temporalidade mediante procesos selectivos de estabilización do emprego, así como recuperar as compensacións por traballar festivos e domingos, cuestións todas elas que teñen que ser inmediatamente respondidas polo novo conselleiro de Facenda, na xuntanza que lle temos solicitada, para reconducir o malestar do persoal empregado público e así evitar unha conflictividade innecesaria na función pública galega.

Desde UGT e CCOO apelamos ó cum-



primento dos compromisos, para por en valor a negociación e os acordos, pois do contrario a denuncia, a mobilización e a confrontación estarán servidas.

Tócalle polo tanto á Xunta de Galicia escoller o camiño: Cumprir o asinado ou asumir un conflito longo.

O BARCO CLAMA POR UNHA ÁREA SANITARIA CON DEREITOS

Redacción.- As rúas do Barco de Valdeorras (Ourense) enchéronse este domingo de miles de persoas -unhas 4.000, segundo estimacións do comité de empresa- que se manifestaron para esixir unha asistencia sanitaria "digna e pública" no hospital comarcal. O portavoz de UGT no hospital comarcal, Víctor Pariente, asegurou que os habitantes das comarcas orientais da provincia están con "asiduidade" protestando na rúa porque se está producindo un "desmantelamento" do centro sanitario.

A protesta estivo encabezada por unha pancarta co lema 'Sanidade pública e digna para as comarcas do Oriente ourensán'. Pariente criticou que desde o ano 2010 hai un declive nos servizos prestados no hospital, polo que considerou que "non é unha cuestión da pandemia".

Foi nese ano cando se creou a estrutura de organización de xestión integrada (EOXI) de Ourense-Verín-Valdeorras, o que agora -tras a reforma aprobada no ano 2017- correspóndese coa área sanitaria. "A partir de aí (de 2010), os servizos empezan a empeorar", asegura Pariente.

O principal problema é, segundo este representante sindical, que os



cadros de persoal que ten orzamentados o hospital comarcal "xa non se cobren". A modo de exemplo, sinala que xa non hai nin cardiólogos nin urólogos, mentres que se antes había tres traumatólogos, agora hai só un.

Así, sobre o recente anuncio do conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, da incorporación de tres especialistas en Traumatoloxía neste hospital, o sindicalista sinala que non serán profesionais "contratados para o hospital", senón que farán "as gardas".

URXE A COLABORACIÓN ENTRE MINISTERIO, XUNTA, PYMAR E A PROPIEDAD ACTUAL DE BARRERAS PARA BUSCAR A MELLOR OPCIÓN PARA O ESTALEIRO CO FIN DE GARANTIR O FUTURO DO EMPREGO

Redacción.- Vén de celebrarse unha xuntanza telemática entre os responsables de UGT-FICA Galicia e Vigo, a Sección Sindical de UGT no estaleiro H.J. Barreras, o secretario do sector de Bens de Equipo e TIC de UGT FICA, Mikel Zarandona, e o responsable do subsector Naval, Manuel Velado, para analizar e monitorizar conjuntamente a situación actual na que se encontra o estaleiro vigués.

Intensificar contactos. Datas decisivas

Dende o conxunto da organización consideramos imprescindible intensificar os contactos entre todas as partes, xa que estamos ante datas decisivas para poder pasar a unha segunda fase do proceso de venta por parte da propiedade actual.

En consecuencia, desde UGT-FICA solicitamos implicación e colaboración entre o Ministerio de Industria, Xunta de Galicia, Pymar e a propiedade actual para buscar a mellor opción de cara a poder garantir a continuidade da actividade e dos postos de traballo existentes a día de hoxe.

O novo propietario debe achegar carga de traballo real

Para elo, dende UGT-FICA entendemos que o novo propietario ten que aportar carga de traballo real que permita por en funcionamento o estaleiro de maneira inmediata.

O sector naval da ría de Vigo non



pode permitirse unha saída en falso neste proceso de cambio de propietario do estaleiro H.J Barreras, xa que non están en xogo só os postos de traballo propios, senón o efecto multiplicador que supón para o conxunto da industria auxiliar.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE PESCANOVA ABREN UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Tras meses de negociacións infructuosas para pechar o convenio colectivo e ante a cerrazón da empresa, os traballadores e traballadoras de Pescanova decidiron abrir un calendario de mobilización que arrancou o pasado domingo cunha asemblea á que asistiron máis de 400 persoas e que os días 13 e 20 de decembro vai continuar con sendas concentracións fronte á sede central en Vigo de Abanca, o principal accionista da factoría.

Rubén Perez (UGT-FICA-Vigo) explicou que a empresa fai unha oferta económica irrisoria dun 0,5% para o 2021. Para o

2022, a suba sería do 0,75%, do 1% para o 2023 e do 1,25% para o 2024. Uns incrementos que se traducirían no 3% os vindeiros catro anos e que distan moito da alza que experimentou o IPC en novembro.

Ademais, os representantes sindicais denuncian que a dirección pretende fixar unha xornada flexible.



FOLGA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO EN OURENSE POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Francisco Álvarez (UGT), representante do comité de empresa de Ecoureense, a empresa encargada da recollida do lixo na cidade das Burgas, anunciou que está convocada folga neste servizo a partir do día 9 para demandar un convenio digno.

Explicou que levan dous anos negociando e a empresa non cede en nada, nin en aspectos económicos nin sociais. Indicou que o 95% das empresas que se dedican a este servizo xa teñen unha xornada laboral como a que se está a demandar, unha reorganización de quendas para que

os que traballan entre semana descansan a fin de semana. Isto non implica contratar máis traballadores, senón unha redistribución de xornada. No eido económico a empresa non acepta ningunha das propostas, incluso pretende eliminar o IPC de 2021.

Engadiu que levan 12 anos nos que a xestión no eido laboral foi un desastre absoluto, o que levou ós sindicatos a ter que acudir en numerosas ocasións á Inspección de Traballo polos in-



cumprimentos de convenio. Advirten que se a empresa non muda o seu plantexamento, a folga será indefinida.

OS TRABALLADORES DE ZARDOYA OTIS MOBILÍZANSE EN SANTIAGO POLA MELLORA DAS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

Redacción.- Os traballadores da delegación de Zardoya Otis en Santiago de Compostela-Boiro mobilizáronse o pasado venres en diferentes puntos da cidade de Santiago de Compostela e Boiro no marco dos actos reivindicativos previstos en distintas cidades de Galicia e España que se están a realizar entre os días 22 de novembro e 9 de decembro, convocados polos sindicatos UGT, Sindicato da Elevación, CC. OO e Zutik.

Os traballadores demandan a revalorización do soldo de acordo ao incremento do IPC, paralizado desde o ano 2011, rebaixar a carga de traballo debida aos despedimentos indiscriminados da empresa, que cesen estes despedimentos, a non instauración

dunha dobre escala salarial, que non se aplique a reforma laboral e que se poña freo á perda de dereitos actualmente tipificados no convenio colectivo dos traballadores da empresa, sen renovar desde hai case dous anos.

Os traballadores advirten que durante as xornadas de folga convocadas, entre os días 22 de novembro e 9 de decembro, só se atenderán os servizos mínimos en situacións de urxencia descritos na Orde do DOG nº2323 de 2021/11/19 da Xunta pero non realizarán revisións dos ascensores.



A IRRESPONSABILIDADE DA PATRONAL REBENTA AS NEGOCIACIÓNS DO CONVENIO ESTATAL DE CONSERVAS

UGT-FICA aposta por unha resposta sindical conxunta e contundente para demostrarlle á patronal que non se vai tolerar este insulto ás persoas traballadoras do sector

Redacción.- Sorprendentemente, cando pensabamos que estabamos máis preto dun acordo nas negociacións do convenio colectivo de conservas de peixes e, despois de dous días de reunión da comisión negociadora, as propostas empresariais para chegar a un pacto volveron ó punto de saída, retrotraendo as negociacións ao principio das mesmas.

Renuncian á xornada de luns a venres pero propoñen a creación dunha 4ª quenda de fins de semana e festivos para novas contratacións ambigua, sen regulación concreta e sen compensación económica.

Non melloran a súa oferta de equiparación salarial entre os grupos 5º e 6º do convenio e manteñen a súa pretensión de aclarar as funcións de ambos os grupos para, na nosa opinión, xustificar a diferenza salarial entre ambos.

Pretenden modificar parte do texto dalgúns artigos do convenio colectivo en prexuízo das persoas traballadoras e en beneficio da flexibilidade da xornada laboral.

Se na última reunión ofrecían incrementos salariais iguais ao 1,50%, 1,75%, 1,50%, 1,25% e 1,00%, sen revisión salarial nun convenio con vixencia de 5 anos, hoxe ofrecen un



convenio de 4 anos de vixencia cun incremento salarial fixo cada ano de duración do convenio sen concretar cal e cunha cláusula de revisión salarial sen efecto e sen garantías de non perda de poder adquisitivo.

É dicir, todos os avances conseguidos en anteriores reunións desaparecieron. Por iso, non queda máis remedio que alzar todas as armas sindicais para cambiar o paso a unha representación empresarial que nos últimos momentos da negociación rebenta calquera posibilidade de acordo.

Por tanto, avanzamos que, ante o fracaso das negociacións, a intransixencia patronal e a súa falta de sensibilidade, UGT-FICA acometerá un proceso de asembleas e propoñerá ao resto de organizacións sindicais presentes na mesa de negociación accións conxuntas contundentes e mantidas no tempo, ata que a representación empresarial do sector se aveña á racionalidade e ó pacto.

Se a proporcionalidade e a racionalidade non volven á mesa de negociación por parte da patronal, non se descarta a convocatoria dunha folga indefinida en todo o sector.

GAÑAN OS PENSIONISTAS E REFÓRZASE O SISTEMA PÚBLICO

Redacción.- A secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, destacou que co Acordo sobre pensións gañan os pensionistas e refórzase o sistema público, que será “máis sólido e viable”.

Neste sentido, lembrou que este acordo, que supón a derogación de facto da reforma de pensións imposta polo PP en 2013, asegura o poder adquisitivo dos xubilados e xubiladas ao vincular de novo a subida das pensións ao IPC. Pero, ademais, introdúcense medidas para mellorar a sustentabilidade do sistema e clarifícase o modelo de financiamento da Seguridade Social culminando o principio de separación de fontes de financiamento, tal e como vén reivindicando UGT desde hai tempo.

Cristina Estévez, que fixo estas declaracións durante a súa intervención na xornada “Pensións con Futuro”, sinalou que este acordo trata de aproximar a idade real de xubilación á idade legal establecida, respectando os casos de xubilacións anticipadas por actividade penosa e de persoas con carreiras de cotización precarias. Ade-

mais, non se toca a xubilación anticipada voluntaria e ampliáanse os dereitos á involuntaria. Neste sentido, ampliáanse as causas de extinción contractual que dan dereito ao acceso a esta modalidade e engádense supostos eliminados pola reforma do PP. Ademais, redúcense as penalizacións cando ás persoas traballadoras non lles queda outra opción máis que a xubilación.

Doutra banda, esixíranse máis requisitos para os afectados pola xubilación forzosa.

O Mecanismo de Equidade interxeracional garante o futuro do sistema, sen recortes

Estévez defendeu o Mecanismo de Equidade Interxeracional porque garante o futuro do sistema público de pensións e a equidade interxeracional, sen ningún recorte. Este mecanismo establece que a partir de 2023 e ao longo dun período de dez anos se fixe unha cotización adicional finalista de 0,6 puntos porcentuais (0,5 corresponden á empresa e un 0,1% ao tra-



ballador) para nutrir o Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Criticou que a patronal, finalmente, se descolgase da negociación deste mecanismo, que substitúe ao antigo Factor de Sustentabilidade, e lembrou que España paga en cotizacións unha porcentaxe menor do PIB que a media da zona euro.

Por último, remarcou que este acordo pon no foco que o problema do Sistema non é de gastos, senón de ingresos. Por iso, aumentáanse as cotizacións sociais, os recursos da Estado vía impostos e elimínanse os gastos que non corresponden á Seguridade Social.

UGT RECLAMA POLÍTICAS MÁIS EFICACES NA PROMOCIÓN E DEFENSA DAS PERSOAS VIH

Redacción.- Con motivo do Día Mundial da Loita contra a SIDA, que se celebrou esta semana, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama a necesidade de eliminar as desigualdades económicas, sociais e laborais que orixinan enfermidades, como é o VIH e a sida, e outras pandemias. Neste sentido, o sindicato esixe a adopción de políticas máis eficaces na promoción e a defensa dos dereitos das persoas con VIH e Sida que se atopan en situación de vulnerabilidade e discriminación, promovendo os dereitos das persoas con esta enfermidade, así como a igualdade de trato e oportunidades.

Aínda que foron moitos os avances na loita contra as discriminacións por motivo desta enfermidade, as persoas que viven co VIH, con frecuencia, seguen enfrontándose ao estigma e a discriminación tanto nas súas vidas cotiás como no ámbito laboral, con dificultades no acceso ao emprego, rexeitamentos no seu posto de traballo, e mesmo despedimentos. O impacto social e económico da crise producida pola pandemia aumentou a súa vulnerabilidade social e laboral, supoñendo un obstáculo para alcanzar a meta dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de poñer fin á epidemia de sida para 2030 e “garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades”.

Para UGT, o VIH debe ser unha prioridade nas axendas políticas, e a Covid-19 non pode significar o seu freo e o seu abandono. Ademais, se algo puidemos evidenciar con esta pandemia, é o importante que pode chegar a ser a investigación. Custa crer que, desde o descubrimento da enfermidade da Sida en 1983, aínda non exista ningunha vacina contra este virus. Por iso, desde o sindicato, demandamos potenciar a investigación sobre o VIH e que esta non quede nun segundo plano.

Urxe actuar e adoptar medidas que reduzan os efectos desta crise e ofrezan respostas, co obxectivo de eliminar a súa discriminación e estigma no ámbito laboral. O estado serolóxico nunca debería ser motivo de discriminación no ámbito laboral. Existen instrumentos como a Recomendación nº 200, da OIT sobre o VIH e a Sida e o mundo do traballo 2010, que son fundamentais na loita contra a discriminación no emprego e a igualdade de trato das persoas afectadas, pero, aínda así, esta enfermidade opera como un factor excluínte social e laboralmente. É imprescindible, non só asegurar o acceso ao emprego, senón tamén o mantemento do mesmo e que á vez vai ser un factor xerador de protección social.

Débase combater esa estigmatización

desde todos os ámbitos, con políticas transversais, tal e como establece o Pacto Social pola non discriminación e a igualdade de trato asociada ao VIH, no cal participou activamente UGT, a través de accións dirixidas á súa prevención, información e sensibilización acerca desta enfermidade, para avanzar na loita e eliminación da discriminación no emprego baseado no estado serolóxico dunha persoa. Para UGT, o estado serolóxico non debería ser un motivo de discriminación que impida a contratación, a permanencia no emprego ou o logro da igualdade de oportunidades. Por este motivo, o noso labor sindical orientábase a conseguir, e garantir, que as empresas e os centros de traballo sexan “espazos de traballo libres de discriminación por VIH”, velando polo acceso, mantemento e desenvolvemento da súa actividade laboral.

Ademais, estimamos necesario, que o VIH se inclúa no ámbito de interlocución social, para, a través do Diálogo Social, defender os dereitos das persoas con esta enfermidade, protexer os seus postos de traballo e apoiar a súa prevención, cuidados e tratamento. Non podemos permitir que as características persoais ou sociais dos traballadores sexan un impedimento para acceder ao emprego e mantelo.

O INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, PEZA CLAVE PARA FOMENTAR A CULTURA DA PREVENCIÓN

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, puxo en valor ao Instituto Nacional para a Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), “un centro de prestixio a nivel nacional e internacional, que segue sendo un motor para avanzar cara a traballos dignos e libres de risco. Un espazo no que, a través do diálogo e o traballo conxunto, conseguíronse grandes avances en materia de seguridade e saúde no traballo, aínda que aínda queda moito por facer”.

García de la Torre fixo estas declaracións no acto de celebración con motivo do 50 aniversario do INSST, no que interveu na mesa redonda: “Valoración da contribución do INSST á mellora da Seguridade e Saúde no Traballo e perspectivas de futuro”.

Os retos pendentes

A secretaria de Saúde Laboral de UGT dixou que o sindicato, que forma parte do INSST, continuará colaborando e traballando conxuntamente ata que “non teñamos que seguir lamentando accidentes,

nin enfermidades relacionadas co traballo”.

Lembrou os importantes avances desde que se fundou o INSST, como a aprobación da Lei de Prevención de Riscos Laborais, as distintas Estratexias de Seguridade e Saúde e a creación do Delegado/a de Prevención e o Comité de Seguridade e Saúde no Traballo. Pero aínda quedan moitos retos pendentes. “UGT está en plena negociación da Estratexia Española 2022-2027, para que sexa máis ambiciosa e dea resposta ás necesidades actuais das persoas traballadoras en materia de protección de seguridade e saúde na contorna laboral”.

Así, hai que solucionar a alta incidencia dos Transtornos Músculo Esqueléticos; facer fronte aos crecentes riscos psicosociais (os infartos e derrames cerebrais seguen sendo a primeira causa de morte durante a xornada laboral, patoloxías que se asocian a estes riscos). Hai que avanzar na aplicación da normativa de prevención ante as novas formas de organización do traballo (teletraballo, lei Rider, vinculada ás plataformas dixitais de repartición, etc.) ou facer fronte aos efectos do cambio cli-

mático sobre a saúde dos traballadores e traballadoras.

Así mesmo, débese abordar a infra-declaración das enfermidades profesionais, revisar a listaxe para incluír patoloxías derivadas dos riscos psicosociais; que se atenda a demanda de UGT de que a Covid 19 sexa cualificada como enfermidade profesional e inclúase nesa listaxe; e que se recoñezan os cancros de orixe laboral. Neste sentido, García de la Torre felicitou ao INSST pola inminente posta en marcha da campaña “Acabemos co cancro laboral”, á que UGT se sumou.

Por último, pediu fortalecer o INSST a través da reforma da súa estrutura orgánica e funcional; máis recursos para a Inspección de Traballo, ata alcanzar o cociente recomendado pola OIT dun inspector por cada 10.000 traballadores, e a posta en marcha inmediata dun Plan de Choque contra a sinistralidade laboral, no marco do diálogo social, para acabar coa intolerable cifra de accidentes mortais. Lembrou, ademais, que os centros onde hai representación sindical son centros de traballos máis seguros.

A RECUPERACIÓN NON SERÁ XUSTA SE SE IMPULSA EMPOBRECIMENTO ÁS PERSOAS

Redacción.- UGT considera que os datos de IPC adiantado correspondentes a novembro, publicados esta semana, seguen a liña da perda de poder de compra dos salarios, algo que repercute negativamente na capacidade de consumo das familias, debilitando os cimentos que sosteñen a reactivación económica e a creación de emprego. Estes datos, cun índice de prezos do 5,6% (dúas décimas máis que en outubro), implican un empeoramento continuo da calidade de vida da clase traballadora, especialmente naquela que se atopa en situación de vulnerabilidade.

Para UGT, as medidas implementadas polo Goberno foron moi insuficientes e non están a ser eficaces para conter o prezo da electricidade, que segue en valores altos, mentres que o prezo dos hidrocarburos mostra tamén un repunte alarmante nos últimos meses. A iso súmaselle o encarecemento doutros produtos básicos, o que xera que moitos fogares atópanse con máis dificultades aínda para poder chegar a fin de mes. Ás portas do inverno, a situación preséntase realmente moi preocupante e ame-

aza con crear unha situación socialmente insostible.

A subida do 1,55% dos salarios de convenio rexistrada ata o mes de outubro, e a do 1,6% realizada para o SMI só para o últimos catro meses do ano, resultan moi insuficientes para garantir o poder adquisitivo dos salarios. A iso súmase as persoas que estiveron ao longo do ano, ou que seguen estando, en situación de ERTE, que viron os seus ingresos moi mermados. Neste sentido, UGT sinala que a recuperación económica e social non será xusta se se sustenta sobre a base dun empobrecemento dos traballadores e traballadoras.

Por iso, o sindicato insta ó Goberno a cumprir con urxencia cos compromisos contraídos ao longo da súa lexislatura. O SMI debe subir en xaneiro de 2022 ata os 1.000 euros, continuando así a senda de crecemento ata alcanzar o 60% do salario medio (1.050 euros, aproximada-



mente) en 2023. Á súa vez, resulta absolutamente urxente e prioritario derrogar a reforma laboral de 2012, que actualmente provoca que o emprego creado siga sendo precario e escasamente remunerado. Por último, debe adoptar máis medidas para conseguir reducir de maneira urxente o prezo dos produtos enerxéticos que utilizan os fogares, e en especial os que teñen menores ingresos, á vez que avanza cara a unha reforma que impulse unha democratización do sector e sitúe as necesidades dos consumidores no centro.

"NON VAMOS A ASINAR NINGÚN ACORDO SOBRE CONTRATACIÓN QUE NON SEXA ÚTIL, NO CORTO E MEDIO PRAZO"

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que UGT vai á mesa de modernización do mercado de traballo co ánimo de derrogar as reformas laborais, porque "o tempo deunos a razón". Aclarou que nestes momentos a negociación céntrase en tres cuestións, "aínda que hai outras ás que non imos renunciar": a negociación colectiva, os ERTES e a contratación. As dúas primeiras é onde se avanzou máis. Respecto á negociación colectiva, "falamos de derogación e volver á norma anterior", o que significa recuperar a ultraactividade dos convenios e a prevalencia do convenio de sector sobre o de empresa. Nos ERTES quérese crear un novo modelo máis ligado aos cambios produtivos e tecnolóxicos nas empresas. "Neste capítulo debería haber un acordo razoable coa patronal".

Respecto á contratación dixo que é unha negociación máis complexa na que hai que continuar traballando, pero para UGT "hai un punto irrenunciable: este acordo debe ser útil e debe permitir cambiar, no curto e medio prazo, o panorama que hai no noso país. Se non, non o imos a asinar".

Os salarios deben subir

Resaltou que o sindicato "debe conseguir poñer a directa para que aumenten os salarios no noso país", un elemento cruce para 2022 e lembrou que "temos convocadas mobilizacións con CCOO o día 16". En Madrid diante da sede da CEOE para que a patronal sente a negociar e chegar a un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, que facilite a negociación dos convenios colectivos.

Álvarez lembrou que os salarios non po-

den obviar o aumento dos prezos; que desde 2008 o salario medio no noso país non creceu, pola reforma laboral de 2012 e o transvasamento do traballo a empresas multiservizos, e a segregación de actividades que se rexen por convenios de empresa. Resaltou que a negociación colectiva é o elemento fundamental para redistribuír a riqueza e puxo en valor o traballo sindical e a loita dos traballadores do metal en Cádiz, que "demostraron que, se se quere, pódese".

Álvarez, que fixo estas declaracións durante o acto de apertura do 2º Comité Confederado de UGT, referiuse tamén aos Orzamentos Xerais do Estado para 2022, "un elemento positivo e de estabilidade". Ademais, son moi importantes polo xiro político que teñen en relación con situacións anteriores. Así, o Estado achegará 20.00 millóns de euros á Seguridade Social e vai asumir as súas responsabilidades deixando de cargar á Seguridade Social gastos que non lle son propios.

Tamén resaltou os bos datos do emprego no noso país, aínda que non quixo obviar o elevado número de desempregados e a elevada temporalidade. Insta a acabar coa contratación irregular e remarcou a necesidade de reforzar a inspección de traballo.

O acordo de pensións é transcendental

Álvarez resaltou o Acordo de Pensións, alcanzado no marco do diálogo social, e o labor de UGT para conseguir que se derogue totalmente a reforma de pensións do PP de 2013. "Conseguimos o 100% das nosas reivindicacións". Este acordo é "transcendental" porque logramos que as persoas que se vaian a xubilar non teñan encima das súas cabezas

a Espada de Damocles que supoñía o antigo Factor de Sustentabilidade, o que representaba un recorte das pensións de ata o 40%.

Ademais, as pensións vanse revalorizar por lei conforme ao IPC. Pero o máis importante é o cambio desde o punto de vista cultural. "Sempre que se fixo unha reforma de pensións era para recortar dereitos, nunca se plantou unha reforma sobre a que se actuase sobre os ingresos e non sobre os gastos da Seguridade Social". Por iso este acordo é "extremadamente positivo".

Respecto á subida das cotizacións sociais lembrou aos propios empresarios e aos cidadáns e cidadás que "o que pagan as empresas á Seguridade Social non é diñeiro do empresario é salario diferido dos traballadores e traballadoras".

O secretario xeral do UGT destacou, tamén, "as dificultades de acertar no medio e longo prazo, ata que non se establezca a situación de pandemia". Para iso, é preciso "loitar contra a ignorancia que representa o negacionismo en relación coas vacinas, que nos trouxo ata o momento no que estamos".

Respecto ós conflitos nas fronteiras pola migración, sinalou que "o ser humano debe estar por encima do resto dos condicionantes".

Tamén criticou as manifestacións en contra da Lei Mordaza e o apoio do principal xefe da oposición. Estas mobilizacións son unha mostra "preocupante do talante pouco democrático de determinados elementos das Forzas de Seguridade do Estado" e rexeitou que prevaleza máis a palabra dos policías sobre a dos cidadáns, poñendo de exemplo os casos de sindicalistas acusados inxustamente por delitos que non cometeran.

UNS SERVIZOS PÚBLICOS FORTES SON A BASE PARA ACABAR COAS DESIGUALDADES

Redacción.- A secretaria de Políticas Europeas de UGT, M^a Carmen Barrera, interveu no Seminario Anual da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español (EAPN-É), que este ano se celebra baixo o título: "A reconstrución da Europa social en época de pandemia", onde analizou o panel sobre "O papel do Emprego".

M^a Carmen Barrera subliñou que "a pandemia que aínda vivimos deixounos unha serie de ensinanzas que parece que non terminamos de asumir", pero que unha das cousas máis importantes que sucederon é que a solución achegada desde Europa é totalmente distinta á que se deu á

crise anterior e "parece que se recibiu a mensaxe de que hai que combater as desigualdades e tratar de investir políticas públicas".

"Con servizos públicos fortes", sinalou, "pódese loitar contra as desigualdades e ese é o paso previo para tratar de eliminar todas as vulnerabilidades e para que, calquera política de emprego, que cumpra estas premisas, poida ter un efecto positivo e eficaz sobre a redución da pobreza".

Barrera destacou que, "de feito, na comunicación que se fixo este ano, a principios de 2021, desde a UE, faise alusión á



necesidade de que os estados membros eliminen os elementos negativos dos seus mercados de traballo, cuestións como a precariedade, a temporalidade, a fraude na contratación ou a parcialidade non desexada, que fomenta a vulnerabilidade de colectivos como as mulleres".